

Poemas do Samaín

A continuación podedes ler algúns dos poemas que os nenos e as nenas de segundo fixeron sós ou coa colaboración das súas nais, pais, irmáns...

No Samaín,
todo é un festín.
Fantasmas e esqueletos
non están quietos.
Truco ou trato,
pasamos un bo rato.
Noite de mortos viventes,
cos caramelos cáenche os dentes.

Brais

Cabazas e fantasmas
vampiros e monstros,
todos eles no Samaín,
asustan a nenos e nenas
que tocan o violín.

Cabazas e fantasmas
vampiros e monstros,
todos eles cantan e bailan
arredor da fogueira
na noite máis escura e longa.

Xoel

O vampiro Ramiro

O vampiro Ramiro
durme sempre nun ladrillo.
É pequeno e esmirriado
que nin asusta a un sapo.

Sabela

O Samaín

Xa chegou o Samaín,
unha festa sin fin.

Unha noite de medo,
bruxas vampiros e demos.

Cabazas decoradas,
globos e festa rachada.

Todos iremos de porta en porta
con lambetadas.

O Samaín xa chegou,
as cabazas toda a noite alumeando
para quen veña pola noite
petar na porta e dicir “Truco ou trato”

Héctor

Os medos

As cabazas laranxas,
as bruxas negras,
os esqueletos sorrindo
os dentes afiados.

Adri

Xa chegou o Samaín
se non me dis truco ou trato
non che vou dar caramelos.
Se me dis truco ou trato
vouche dar caramelos.
¡Que medo, é o Samaín!
Vouche dar medo.

Amina

No día de Samaín
caramelos collín.
Ese día gústame disfrazarme
e polas casa ir.
Dicimos as palabras máxicas
“truco ou trato”
e a xente con medo
danos diñeiro.

Joel

Vampiros de mentira,
bruxas de papel,
cabazas de medo,
fantasmas tremendo
e monstros sen luz.

Vampiros con sangue,
caras con sangue.
¡Samaín é moi divertido
e por iso o pasamos ben!

Mar

As cabazas dan medo,
os nenos tremen
e os morcegos son os reis da noite.
¡É o Samaín!

Manuel

Cabazas que dan medo,
fantasmas que dan caramelos,
nenos que van polas rúas
piden caramelos.

David

Que medo, que medo!
as curuxas saen por aí
o neno está ledos
por saír por aí.

Noite de meigas
no Samaín medo dan,
cabazas acendidas con velas,
que medo dan!

Nenos disfrazados de vampiro
que medo dan!
nenas disfrazadas de bruxas,
que medo dan!

Os nenos pasan pola rúa
pedindo caramelos
e dicindo “truco ou trato”
Ja, ja, ja, ja!!

Sarai

Buscan os meniños
polas casas da aldea
doces e galletas
para a súa festa.
De volta para a casa
topan cun fantasma
que os quere asustar
e os doces roubar.

Anxo

Xa estamos en Samaín
que vén o vou pasar
pois co meu orixinal disfraz
a máis de un penso asustar.
Despois vou comer
castañas asadas
que no Samaín
e cando mellor están.

Hugo

Por fin, pro fin
xa chegou o Samaín
os vampiros a morder,
os morcegos a voar
e as momias e fantasmas
a todo o mundo asustar.

Xa chegou o Samaín
pon o disfraz e imos cantar
a pedir “truco-trato”
e os caramelos apañar.

Dani

Cabazas adornadas

Cabazas adornadas
con boca pero sen orellas,
con ollos, sen queixo.

Cabazas adornadas
con aliento pero sen lingua,
con lume pero sen lingua,
con corpo pero sen rabicho.

Cabazas de moitas cores,
amarelas, verdes, laranxas.

Cabazas pequenas, medianas, grandes,
con perruca ou sen perruca.

Roque

Todos disfrazados
veñen a unha casa
a pedir caramelos.

Truco ou trato
dise cando entran
se caramelos non lles dan
enfadados se van

Moi contentos van algúns
comendo caramelos duros
e así se celebra o Samaín
para todos os nenos e nenas.

Lena

Había unha vez un fantasma malo
gustáballe asustar
un día, a unha persoa non asustou
e o fantasma se puxo triste.

Teo

Bruxas de mentira.
Morcegos con ás.
Momias de papel.
Esqueletos de ósos.
Arañas negras con pelos.
¡E todo isto é do Samaín!

Sheyla

O morcego está voando e asustando.
A cabaza da medo.
O vampiro mórdete e te chupa o sangue.
Franqustein ten dous parafusos na cabeza.
¡Chegou o Samaín!

Xaime

Había un vampiro,
xa chega o Samaín.
Un vampiro quere
que chegue o Samaín.
O vampiro chega a cidade.

Todos se asustan,
chega o vampiro.
Na escola xa hai pegadas,
todos os nenos/as teñen medo.

O venres é Samaín,
nas portas das clases
hai notas do vampiro.

Ao día seguinte
estaba escondido
na clase de 2º.
Asustounos a todos,
despois descubriron
que era un profesor.

Lúa